

UNIVERSIDADE DO ALGARVE
Departamento de Artes e Humanidades
Centro de Estudos Galegos

MEMORIA DO LECTORADO DE LINGUA,
LITERATURA E CULTURA GALEGAS
CURSO 2021-2022

Lectora: Claudia Mariño Gómez



ÍNDICE

1. Contexto do CEG.....	3
2. Propostas de mellora con respecto ao ano anterior	3
3. Novidades para o curso 2021-2022.....	4
4. Funcións da lectora.....	7
5. Actividade docente.....	8
5.1. Materias ofertadas e número de horas lectivas	8
5.1.1. Horario docente da lectora.....	9
5.2. Alumnado.....	11
6. Planificación docente das materias impartidas.....	12
6.1. <i>Língua e Cultura Galega I</i>	12
6.2. <i>Língua Europea I – Galego</i>	
6.3. <i>Cultura Galega</i>	19
6.4. <i>Língua e Cultura Galega II</i>	21
6.5. <i>Língua Europea I – Galego</i>	25
6.6. <i>Literatura Galega</i>	29
6.7. Cursos de galego.....	32
7. Actividades de promoción e divulgación da lingua e a cultura galegas.....	32
7.1. Actividades organizadas.....	33
7.2. Carteis para a promoción das actividades	37
8. Difusión das actividades.....	49
9. Actualización dos fondos bibliográficos.....	49
10. Publicacións.....	50
11. Valoración xeral dos cursos do lectorado.....	50
12. Propostas de mellora dirixidas á Secretaria Xeral de Política Lingüística	51

1. Contexto do CEG

O Centro de Estudos Galegos (en diante, CEG) da Universidade do Algarve (en diante, UAlg) é un dos tres lectorados activos en Portugal, xunto co da Universidade do Minho (Braga) e o da Universidade Nova de Lisboa.

É un CEG xa consolidado, que leva en funcionamento ininterrompido dende o curso académico 2002-2003. Dende que abriu as súas portas hai case 20 anos, baixo a dirección do catedrático Pedro Ferré da Ponte, o seu obxectivo é difundir a lingua e a cultura galegas entre a comunidade algarvía, en xeral, e a comunidade universitaria, en particular.

A primeira lectora foi a profesora María Jesús Botana Vilar (período 2002 a 2008), actual directora do centro. Despois dela chegaron Antonio Mira (2008 a 2011), Sandra Romarís (2011 a 2014), Paula García Rumbo (2014 a 2017), Patricia Arias López (2017 a 2018), Raquel López Veleiro (2018-2019), Claudia Mariño (2019-2022) e Lucía Salceda García (2022), actual lectora.

O CEG está integrado no Departamento de Artes e Humanidades da Facultade de Ciências Humanas e Sociais da Universidade do Algarve (Campus de Gambelas).

2. Propostas de mellora con respecto ao ano anterior

Un dos obxectivos principais do Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve é darlle difusión ao traballo que nel se realiza. Para isto, adoitamos botar man de distintas ferramentas (redes sociais, carteis informativos, redes de correos, colaboracións co centro de investigación da FCHS...) que nos teñen dado bos resultados, mais consideramos que unha páxina web propia podería axudarnos a acadar máis amplamente este obxectivo. Neste momento contamos xa cun espazo dentro da páxina da Facultade de Ciências Humanas e Sociais da UAlg (na pestana de investigación), en que presentamos o CEG e informamos das nosas actividades (docencia, palestras, investigación...), mais estamos traballando na creación dunha páxina independente (cuxa apertura foi xa autorizada polo Decano da FCHS), que, achamos, nos axudará a ampliar o noso público.

En relación co anterior, outro dos nosos propósitos é darlle unha maior difusión aos volumes da *Colección Textos e Estudos* que editamos cada ano. Tentamos sempre enviar o libro físico ás principais bibliotecas da Península, así como ao resto de Centros de Estudos Galegos, mais coa creación da nosa propia páxina web pretendemos dispoñibilizar en aberto os volumes para que investigadores, ou outro público, interesados poidan acceder a eles libremente.

Finalmente, outro dos intereses do CEG é tecer unha rede de colaboración máis ampla con entidades culturais do Algarve (bibliotecas, cineclub, asociacións culturais...) e ter un maior impacto na comunidade en que nos atopamos. Para isto, no próximo curso 2022-2023 está previsto que o noso Centro de Estudos Galegos colabore, xunto coa biblioteca de Tavira, na organización do simposio *Diálogos Ibéricos*.

3. Novidades para o curso 2022-2023

A gran novidade para o curso 2022-2023 é a apertura dun curso libre titulado “Galiza e Portugal, dous pobos peninsulares no Atlántico”. O curso estará inserido no Programa Impulso Adultos, parte do Plano de Recuperação e Resiliência (en adiante, PRR) do Goberno Portugués. O obxectivo do PRR é reforzar e diversificar a formación postsecundaria, garantindo a reconversión e actualización de competencias de adultos activos a través de formacións de curta duración.

A planificación docente do curso (sesións, obxectivos, contidos, método, sistema de avaliación e bibliografía) será a seguinte:

- SESIÓNS
 - contará con 16 sesións (8 teóricas e 8 teórico-prácticas)
- OBXECTIVOS
 - adquirir unha perspectiva histórica da relación entre Galiza e Portugal, a través dos discursos políticos, culturais e lingüísticos producidos a ambos os lados da fronteira
 - analizar, a través de diversos textos críticos, a relación entre o galego e o portugués no pasado e no presente, así como identificar nos elementos en que esta se sustenta
 - tomar conciencia e reflexionar sobre a valorización intercultural, de modo que o alumno desenvolva argumentos sobre a cultura meta e sobre a súa propia cultura

- coñecer e estudar os procesos de conformación desta relación dende unha dobre dirección: Galiza-lusofonía e lusofonía-Galiza e as súas posibilidades/imposibilidades, oportunidades e barreiras.
- explorar o papel de Galiza dentro da configuración do espazo lusófono
- adoptar estratexias de autonomía da aprendizaxe
- CONTIDOS
 - A relación histórica entre Galiza e Portugal
 - A influencia de Portugal na construción da identidade galega. Os inicios do nacionalismo galego no século XX
 - O nacionalismo galego no século XXI
 - A lingua como cuestión: da orixe común ao *reintegracionismo* lingüístico
- MÉTODO
 - O proceso de ensino-aprendizaxe reflicte unha abordaxe expositiva e analítica dos contidos nas aulas. O curso terá como eixo as sesións expositivas en que o profesor explicará os contidos teóricos que os alumnos deberán asimilar e demostrar a súa comprensión a través da participación activa na aula. A parte interactiva basearase nas lecturas de textos seleccionados polo profesor sobre cuestións teóricas ou teórico-prácticas en relación coa materia.
- SISTEMA DE AVALIACIÓN
 - O proceso de aprendizaxe dos formandos analizarase mediante unha avaliación formativa, nomeadamente a través da participación activa na aula e a realización das tarefas propostas
- BIBLIOGRAFÍA
 - Cristóvão, F. (2008). *Da Lusitanidade à Lusofonia*. Coimbra: Almedina.
 - Dos Santos Araújo, J. D. (2004). *Portugal e a Galiza: Encontros e Encantos*. Compostela: Laiovento.
 - *Estratexias culturais Galicia-Brasil*: <http://www.pglingua.org/noticias/cronicas/1056-estrategias-culturais-da-galiza-no-brasil>
 - Pichel, J. R. e Fagim, V. (2012). *O galego é uma oportunidade*. Compostela: Através.
 - Quiroga, C. (2012). Manuel Maria em Portugal. Lusofonia e tomada de consciência identitária na Galiza. Em Olivia Rodríguez González, Laura Carballo Piñeiro e Burghard Baltrusch (eds.), *Novas achegas ao estudo da cultura galega II. Enfoques socio-históricos e lingüístico-literarios* (pp. 151-172). A coruña: Universidade da Coruña.
 - Quiroga, C. (2016). *A imagem de Portugal na Galiza*. Compostela: Através.

- Reclus, É. (2016). *As terras e as gentes da Galiza e Portugal na Nova Geografia Universal*. Compostela: Através.
- Rodrigues Lapa, M. (1979). *Estudos Galego-Portugueses*. Lisboa: Sá da Costa.
- Rodríguez Castelao, A. D. (2014). *Sempre en Galiza*. Vigo: Galaxia.
- Rodríguez, J. L. (2010). Para umha Galiza plena na lusofonia. Em Comissom de Lingüística da AGAL, *Por um galego extenso e útil*. Compostela: Através.
- Samartim, R. (2017). *Mudança política e sistemas culturais em transiçom. Literatura e construçom da (ideia da) Galiza entre 1974 e 1978*. Compostela: Laiovento.
- Samartim, R. e Pazos Justo, C. (eds.) (2019) *Portugal e(m) nós. Contributos para a compreensão do relacionamento cultural galego-português*. Braga: Edições Humus. Obtido dende <http://hdl.handle.net/1822/68041>
- Torres Feijó, E. J. (1999). Cultura portuguesa e legitimaçom do sistema galeguista: historiadores e filólogos (1880-1891). *Ler História*, 36, 273-318.
- Vila, M. C. (coord.). (2013). *Falar a ganhar. O valor do galego*. Compostela: Através.
- Villarino Pardo, C., Torres Feijó, E. J. e Rodríguez, J. L. (eds.). (2008). *Da Galiza a Timor. A lusofonia em foco. Actas do VIII congresso da Associação Internacional de Lusitanistas: Compostela, 18 a 23 de Julho de 2005* (vol. I e II). Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Villarino Pardo, C., Torres Feijó, E. J. e Rodríguez, J. L. (eds.). (2009). *Da Galiza a Timor. A lusofonia em foco. Actas do VIII congresso da Associação Internacional de Lusitanistas: Compostela, 18 a 23 de Julho de 2005* (vol. III). Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

▪ NÚMERO DE ALUMNOS ESTIMADOS: 15

Aliás, a outra grande novidade a nivel docente é a apertura, durante o curso 2022-23, dunha nova cadeira impartida polo Centro de Estudos Galegos, *Língua Europeia II – Galego*, dirixida aos alumnos da licenciatura en Ciências da Educação e da Formação (durante o curso 2021-22, o CEG impartiu nos dous semestres a cadeira *Língua Europeia I – Galego* e os bos resultados acadados polos alumnos levaron á directora da licenciatura a solicitar á profesora María Jesús Botana Vilar, directora do CEG, a apertura deste segundo nivel).

No vindeiro curso continuaremos, tamén, cunha nova edición da nosa Colección *Textos e Estudos*, que correrá a cargo do profesor Ricardo Pichel Gotérrez

(Universidade de Alcalá de Henares) e versará sobre o papel da muller no espazo medieval.

Máis aló do ámbito estritamente universitario, o CEG ten como obxectivo ampliar e mellorar as súas relacións con outros axentes sociais, académicos e culturais. Durante este ano progresamos nese obxectivo, ao participar na organización do Día Aberto da UAlg e dos Cursos de Verão, ámbolos dous dirixidos ao alumnado de escolas e institutos. Para o ano 2022-2023, o CEG participará na organización do simposio “Diálogos Ibéricos”, organizado en colaboración coa biblioteca de Tavira.

Neste mesma dirección, o Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve integra a candidatura conxunta presentada (e elixida) polos tres CEGs portugueses para a dirección da Asociación Internacional de Estudos Galegos. Formar parte da dirección da AIEG e da organización do próximo congreso, que se celebrará na UMinho e outra das grandes novidades á que fará fronte o CEG no próximo ano.

Para rematar, a última novidade prevista para o curso 2022-23 é a apertura dunha páxina web propia, da que falei anteriormente. A apertura foi autorizada polo Decano e os materiais están xa preparados, polo que esperamos que en breve, cando se resolva a cuestión lóxística (aloxamento do servidor...) poida ser inaugurada ao público.

4. Funcións da lectora

Alén da actividade docente, que detallaremos no seguinte apartado, entre as funcións da lectora tamén se atopa a colaboración na organización das distintas actividades levadas a cabo polo CEG co obxectivo de difundir e promover a lingua, a cultura e a literatura galegas entre a comunidade algarvía. Así como a participación na edición do volume anual da “Colección Textos e Estudos”, que no curso 2021-22 leva por título *Apropiación cultural e contradiscurso histórico: a materia de Bretaña na literatura galega*.

5. Actividade docente

5.1. Materias ofertadas e número de horas lectivas

A oferta educativa do Lectorado de Galego na UAlg constou no curso 2021-2022 de seis materias: *Língua e Cultura Galega I*, *Língua Europea I – Galego*, *Cultura Galega*, *Língua e Cultura Galega II*, *Língua Europea I – Galego* e *Literatura Galega*, de cuxa docencia se fixo cargo a lectora. Estas materias foron ofertadas en tres licenciaturas diferentes, *Línguas, Literaturas e Culturas* (en adiante, LLC), *Línguas e Comunicação* (en adiante, LC) e *Ciências da Educação e da Formação* (en adiante, CEF).

A actividade docente foi distribuída da seguinte maneira:

- **PRIMEIRO SEMESTRE**

- Língua e Cultura Galega I (materia optativa licenciaturas LLC e LCI, 5 ECTS)
- Língua Europea I – Galego (materia optativa licenciatura CEF, 5 ECTS)
- Cultura Galega (materia optativa licenciatura LLC e LC, 5 ECTS)

- **SEGUNDO SEMESTRE**

- Língua e Cultura Galega II (materia optativa licenciaturas LLC e LC, 5 ECTS)
- Língua Europea I – Galego (materia optativa licenciatura CEF, 5 ECTS)
- Literatura Galega (materia optativa licenciatura LLC e LC, 5 ECTS)

As materias de lingua (*Língua e Cultura Galega I* e *Língua e Cultura Galega II*) teñen unha distribución semanal de 2 horas lectivas teórico-prácticas (26 horas TP) e 2 horas de prácticas de laboratorio (26 horas PL). A isto engádense 5 horas de carácter orientativo (*Orientação Tutorial*, OT), cuxo obxectivo é revisar contidos explicados na aula e traballados con anterioridade.

As materias de *Língua Europea I – Galego* e *Língua Europea I – Galego* dispoñen de 3 horas de docencia semanais cada unha, repartidas entre clases teóricas (13

O gráfico abaixo mostra a distribución do servizo docente (en adiante, DSD) oficial do departamento, relativa ao lectorado de galego.

9

A isto hai que engadirle as 5 horas de Orientación Tutorial correspondentes a cada materia, que suman un total de 15 horas por semestre.

Coloco, a continuación, o horario desagregado:

- **PRIMEIRO SEMESTRE**

- *Língua e Cultura Galega I*

- HORARIO DE AULA: martes, de 8:30 a 10:30h e xoves, de 13:30 a 15:30h.
- HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 2,5h, nos días 6 e 10 de decembro.
- HORARIO DE ATENDEMENTO: martes, de 11:00 a 13:00h.

- *Cultura Galega*

- HORARIO DE AULA: luns, de 17:00 a 19:00h; martes, de 15:00 a 16:00h (aula en liña).
- HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 2,5h, nos días 2 e 3 de decembro.
- HORARIO DE ATENDEMENTO: xoves, de 10:00 a 12h.

- *Língua Europea I - Galego*

- HORARIO DE AULA: mércores, de 11:00 a 13:00h; xoves, de 16:00 a 17:00h (aula en liña).
- HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 2,5h, nos días 7 e 9 de decembro.
- HORARIO DE ATENDEMENTO: xoves, de 08:00 a 10h.

- **SEGUNDO SEMESTRE**

- *Língua e Cultura Galega II*

- HORARIO DE AULA: luns, de 8:30 a 10:30h e mércores, de 14:00 a 16:00h.
- HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 2,5h, nos días 3 e 6 de maio.
- HORARIO DE ATENDEMENTO: mércores, de 10:30 a 12:30h.

- *Literatura galega*

- HORARIO DE AULA: luns, de 11:00 a 12:00h (aula en liña) e venres, de 8:30 a 10:30h.
- HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 2,5h, nos días 5 e 12 de maio.
- HORARIO DE ATENDEMENTO: venres, de 11:00 a 13:00h.
- *Língua Europeia II - Galego*
 - HORARIO DE AULA: luns, de 13:00 a 14:00h (aula en liña) e xoves, de 11:30 a 13:30h.
 - HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 2,5h, nos días 9 e 11 de maio.
 - HORARIO DE ATENDEMENTO: xoves, de 09:00 a 11:00h.

5.2. Alumnado

No primeiro semestre, a disciplina de *Cultura Galega* contou con 26 alumnos inscritos (2 homes e 24 mulleres), a de *Língua e Cultura Galega I* con 26 (10 homes e 16 mulleres) e a de *Língua Europeia I – Galego* con 21 (1 home e 20 mulleres). Durante o segundo, elixiron a materia de *Literatura Galega* un total de 24 alumnos (3 homes e 21 mulleres), a de *Língua e Cultura Galega II* 18 (5 homes e 13 mulleres) e a de *Língua Europeia I – Galego* 35 (3 homes e 32 mulleres)

O alumnado de *Língua e Cultura Galega I*, *Língua e Cultura Galega II*, *Cultura Galega* e *Literatura Galega* procedía de dous graos diferentes: *Línguas, Literaturas e Culturas* (en diante, LLC) e *Línguas e Comunicação* (en diante, LC), impartidos ambos na propia Facultade de Ciências Humanas e Sociais (Campus de Gambelas). No tocante ao nivel, tamén pertencían a dous cursos diferentes: os alumnos de *Língua e Cultura Galega I* e *Língua e Cultura Galega II* eran, na súa maioría, de segundo ano e os de *Cultura Galega* e *Literatura Galega* de terceiro ano.

No que respecta as materias *Língua Europeia I – Galego* e *Língua Europeia I – Galego*, o alumnado procedía todo do mesmo grao, *Ciências da Educação e da Formação* (en diante, CEF), mais de niveis educativos diferentes. Os alumnos de *Língua Europeia I – Galego* (materia do primeiro semestre) eran, na súa maioría, do terceiro curso, mentres que os de *Língua Europeia I – Galego* (materia do segundo semestre) eran do segundo curso.

6. Planificación docente das materias impartidas (obxectivos, contidos, método, sistema de avaliación e bibliografía)

6.1. *Língua e Cultura Galega I*

• **OBXECTIVOS**

- Estabelecer unha actitude de apertura e de interese cara a novas linguas.
- Ser quen de asimilar as concomitancias e diverxencias entre o galego e o portugués.
- Acadar o nivel A1 do *Marco europeo común de referencia para as linguas* na produción e o nivel A2 na comprensión de textos orais e escritos.
- Valorar positivamente as novas experiencias, ideas e culturas adquirindo unha actitude de apertura.
- Exercitar a capacidade de análise, síntese e avaliación.
- Achegarse aos contidos da materia dende unha perspectiva crítica.
- Ser capaces de traballar tanto de forma individual como por parellas e en pequenos grupos para levar a cabo as actividades que se lles encomenden.

• **CONTIDOS**

- Unidade 1
 - Introducción á situación actual da lingua galega
 - O alfabeto galego
 - Dar e solicitar datos persoais
 - Presentarse, saudar, expresar intencións e intereses
 - Facer recomendacións
 - Os números do 0 ao 100
 - O presente
 - O artigo determinado

- Unidade 2
 - Estereotipos sobre a lingua galega e os galegos
 - Identificar e describir fisicamente as persoas
 - Expresar semellanzas e diferenzas entre as persoas
 - Preguntar sobre gustos e intereses
 - Contrastar gustos e preferencias
 - Falar de relacións persoais
 - Os posesivos

- Unidade 3
 - Manifestacións culturais na actualidade
 - Expresar existencia e localización
 - Realizar descrições e comparacións
 - O artigo indeterminado
 - Os cuantificadores
 - O superlativo relativo

- Unidade 4
 - Manifestacións culturais na actualidade a través dos textos
 - Falar de hábitos
 - Expresar a frecuencia das accións, a hora e a secuencia das actividades
 - Os días da semana, os meses e as estacións
 - As perífrases verbais

- Unidade 5
 - Tradicións galegas
 - Expresar necesidade
 - Captar a atención das persoas
 - Preguntar por produtos e prezos nunha tenda
 - Convidar e aceptar ou rexeitar un convite
 - Dar escusas e xustificar
 - Os números a partir do 100

- O imperativo
- A acentuación
- Unidade 6
 - Música galega
 - Falar de experiencias pasadas, destrezas e aptitudes
 - Enumerar calidades e defectos das persoas
 - O pretérito
 - Os adxectivos de carácter
 - Os indefinidos

• MÉTODO

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións da docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

Este método concibe as sesións como teórico-prácticas. Desta maneira, empregouse un enfoque comunicativo do ensino da lingua galega e, en consecuencia, o galego foi a lingua vehicular dende o primeiro momento. O obxectivo fundamental foi a mellora das competencias comunicativas a nivel oral e escrito do alumnado grazas a:

- unha escolla de contidos reais, adecuados e atractivos para a diversidade da aula,
- o traballo integrado das destrezas,
- a necesidade dunha implicación activa do alumnado nas actividades.

• SISTEMA DE AVALIACIÓN

O sistema de avaliación é o mesmo para todas as linguas que se imparten na Facultade de Ciencias Humanas e Sociais, segundo un acordo do Departamento de Artes e Humanidades. Esta avaliación ten en conta as catro destrezas comunicativas, e atribúelle a cada unha o 25% do valor total da clasificación (calculada sobre 20

puntos). O cálculo da clasificación final é a media aritmética das clasificacións das catro competencias, sempre que o alumno obtivese unha nota mínima dun 9,5 en cada unha delas.

Esta é unha disciplina presencial, polo que é requisito indispensábel para poder presentarse ás probas de *frequência* e *época normal* ter asistido ao 75% das horas lectivas (agás os casos dispostos na lei).

• BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, Rosario e Xosé Xove, *Gramática da lingua galega*, Vigo, Galaxia, 2002
- Chamorro, Margarita; Xaquín Núñez e Ivonete da Silva, *Aula de galego 1*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Presidencia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2008 [On-line:
http://www.xunta.es/linguagalega/materiais_celga_1]
- González, Begoña, *Ortografía da lingua galega*, A Coruña, Galinova, 2004
- López, Xoán, Cilha Lourenço e Marisa Moreda, *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*, A Coruña, Baía edicións, 2011
- Mata, Ana María e Emilio Núñez, *Curso de galego para non-galegofalantes*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela e Xunta de Galicia
- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, 2004 [On-line:
<http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/normasrag.pdf>]
- Real Academia Galega, *Dicionario da Real Academia Galega*, A Coruña, Real Academia Galega, 2012 [On-line:
<http://www.realacademiagalega.org/dicionario>]
- Vázquez, Pilar, *O que um falante de Português deve saber acerca do Galego*, Edições Colibri, Lisboa, 2002.

6.2. *Língua Europea I – Galego*

• **OBXECTIVOS**

- Estabelecer unha actitude de apertura e de interese cara a novas linguas.
- Ser quen de asimilar as concomitancias e diverxencias entre o galego e o portugués.
- Acadar o nivel A1 do *Marco europeo común de referencia para as linguas* na produción e o nivel A2 na comprensión de textos orais e escritos.
- Valorar positivamente as novas experiencias, ideas e culturas adquirindo unha actitude de apertura.
- Exercitar a capacidade de análise, síntese e avaliación.
- Achegarse aos contidos da materia dende unha perspectiva crítica.
- Ser capaces de traballar tanto de forma individual como por parellas e en pequenos grupos para levar a cabo as actividades que se lles encomenden.

• **CONTIDOS**

- Unidade 1
 - Introducción á situación actual da lingua galega
 - O alfabeto galego
 - Dar e solicitar datos persoais
 - Presentarse, saudar, expresar intencións e intereses
 - Facer recomendacións
 - Os números do 0 ao 100
 - O presente
 - O artigo determinado
- Unidade 2
 - Estereotipos sobre a lingua galega e os galegos
 - Identificar e describir fisicamente as persoas
 - Expressar semellanzas e diferenzas entre as persoas
 - Preguntar sobre gustos e intereses

- Contrastar gustos e preferencias
- Falar de relacións persoais
- Os posesivos

- Unidade 3
 - Manifestacións culturais na actualidade
 - Expresar existencia e localización
 - Realizar descrições e comparacións
 - O artigo indeterminado
 - Os cuantificadores
 - O superlativo relativo

- Unidade 4
 - Manifestacións culturais na actualidade a través dos textos
 - Falar de hábitos
 - Expresar a frecuencia das accións, a hora e a secuencia das actividades
 - Os días da semana, os meses e as estacións
 - As perífrases verbais

- Unidade 5
 - Tradicións galegas
 - Expresar necesidade
 - Captar a atención das persoas
 - Preguntar por produtos e prezos nunha tenda
 - Convidar e aceptar ou rexeitar un convite
 - Dar escusas e xustificar
 - Os números a partir do 100
 - O imperativo
 - A acentuación

- Unidade 6
 - Música galega
 - Falar de experiencias pasadas, destrezas e aptitudes

- Enumerar calidades e defectos das persoas
- O pretérito
- Os adxectivos de carácter
- Os indefinidos

• MÉTODO

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións da docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

Este método concibe as sesións como teórico-prácticas. Desta maneira, empregouse un enfoque comunicativo do ensino da lingua galega e, en consecuencia, o galego foi a lingua vehicular dende o primeiro momento. O obxectivo fundamental foi a mellora das competencias comunicativas a nivel oral e escrito do alumnado grazas a:

- unha escolla de contidos reais, adecuados e atractivos para a diversidade da aula,
- o traballo integrado das destrezas,
- a necesidade dunha implicación activa do alumnado nas actividades.

• SISTEMA DE AVALIACIÓN

O sistema de avaliación é o mesmo para todas as linguas que se imparten na Facultade de Ciencias Humanas e Sociais, segundo un acordo do Departamento de Artes e Humanidades. Esta avaliación ten en conta as catro destrezas comunicativas, e atribúelle a cada unha o 25% do valor total da clasificación (calculada sobre 20 puntos). O cálculo da clasificación final é a media aritmética das clasificacións das catro competencias, sempre que o alumno obtivese unha nota mínima dun 9,5 en cada unha delas.

Esta é unha disciplina presencial, polo que é requisito indispensábel para poder presentarse ás probas de *frequência* e *época normal* ter asistido ao 75% das horas lectivas (agás os casos dispostos na lei).

• BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, Rosario e Xosé Xove, *Gramática da lingua galega*, Vigo, Galaxia, 2002
- Chamorro, Margarita; Xaquín Núñez e Ivonete da Silva, *Aula de galego 1*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Presidencia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2008 [On-line:
http://www.xunta.es/linguagalega/materiais_celga_1]
- González, Begoña, *Ortografía da lingua galega*, A Coruña, Galinova, 2004
- López, Xoán, Cilha Lourenço e Marisa Moreda, *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*, A Coruña, Baía edicións, 2011
- Mata, Ana María e Emilio Núñez, *Curso de galego para non-galegofalantes*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela e Xunta de Galicia
- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, 2004 [On-line:
<http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/normasrag.pdf>]
- Real Academia Galega, *Dicionario da Real Academia Galega*, A Coruña, Real Academia Galega, 2012 [On-line:
<http://www.realacademiagalega.org/dicionario>]
- Vázquez, Pilar, *O que um falante de Português deve saber acerca do Galego*, Edições Colibri, Lisboa, 2002

6.3. Cultura Galega

• OBXECTIVOS

- Ser quen de seleccionar os instrumentos adecuados para unha abordaxe metódica do fenómeno cultural.
- Elaborar unha análise crítica sobre os feitos máis relevantes da cultura galega.

- Indagar sobre as especificidades da cultura galega no contexto internacional.
- Ser quen de establecer unha actitude de interese ante novas experiencias, ideas e civilizacións.
- Achegarse aos contidos da materia dende unha perspectiva crítica.
- Exercitar a súa capacidade de traballo interdisciplinar.

● **CONTIDOS**

- Unidade 1, “Identidade histórica de Galiza”
 - Territorio, paisaxe e identidade
 - Historia social de Galiza: romanización. Reino de Galiza na Idade Media. Séculos Escuros e Ilustración. Nacionalismo no século XX. Emigración e Diáspora
 - Historia da lingua galega
- Unidade 2, “O Camiño de Santiago: a tradición popular. Os camiños. O final da viaxe, Santiago de Compostela. Os ritos peregrinos”
- Unidade 3, “A tradición: lendas, imaxinario colectivo e formas de literatura popular. A gastronomía. As festas populares”
- Unidade 4, “Análise da produción cultural ao longo do século XX-XXI: arte, cinema, música, literatura...”

● **MÉTODO**

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións do docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

O método empregado concibiu as sesións como teórico-prácticas e reservou un lugar central para a análise e comentario de textos. O obxectivo foi que o alumnado adquirise as nocións teóricas desta unidade curricular a partir do achegamento a diferentes aspectos culturais.

- **SISTEMA DE AVALIACIÓN**

A avaliación da materia consistiu nunha proba presencial, que supoñía o 70%, e un traballo individual, que supoñía o 30% da nota final, calculada sobre 20 puntos. Só foron considerados aprobados aqueles alumnos que obtiveron un valor igual ou superior a 9,5 puntos.

- **BIBLIOGRAFÍA**

- Blanco Pérez, Domingo: *Historia da literatura popular galega*. Colec. Galicia, 1994
- Cocho, Federico: *A festa do entroido*. Baiona, Nigratea, 2014
- Mariño Ferro, X. R.: *Antropoloxía de Galicia*. Vigo, Xerais, 2000
- Murado, Miguel Anxo: *Outra idea de Galicia*. Barcelona, Debate, 2013
- Nogueira, Xosé: *O cine en Galicia*. Vigo, A Nosa Terra, 1997
- Reigosa, Antonio: *Galicia encantada: o país das mil e unha fantasías*. Vigo, Xerais, 2015
- VV.AA: *Galicia, unha luz no Atlántico*. Vigo, Xerais, 2001
- VV.AA.: *Historia xeral de Galicia*. Vigo, A Nosa Terra, 2005

6.4. *Língua e Cultura Galega II*

- **OBXECTIVOS**

- Estabelecer unha actitude de apertura e de interese cara a novas linguas.
- Ser quen de asimilar as concomitancias e diverxencias entre o galego e o portugués.
- Acadar o nivel A2 do *Marco europeo común de referencia para as linguas* na produción e o nivel B1 na comprensión de textos orais e escritos.
- Valorar positivamente as novas experiencias, ideas e culturas adquirindo unha actitude de apertura.

- Exercitar a súa capacidade de análise, síntese e avaliación.
- Achegarse aos contidos da materia dende unha perspectiva crítica.
- Ser capaces de traballar tanto de forma individual como por parellas e en pequenos grupos para levar a cabo as actividades que se lles encomenden.

- **CONTIDOS**

- Unidade 1
 - Revisión dos contidos do semestre anterior: presente de indicativo, acentuación, pronomes *te/che*, descrición física, expresión de gustos...
- Unidade 2
 - Falar de gustos e hábitos culinarios
 - As comidas
 - A forma impersoal con *se*
 - Os pronomes de OD
 - Os conectores *e*, *pero* e *ademais*
 - Usos dos verbos *ser* e *estar* (I)
 - A gastronomía galega
- Unidade 3
 - Falar de actividades de lecer
 - Falar de horarios
 - Falar do clima
 - Comentar experiencias pasadas e proxectos futuros
 - Os meses do ano
 - O pretérito
 - A perífrase *ir* + infinitivo
 - As expresións temporais
- Unidade 4
 - As partes do corpo
 - Dar consellos e suxestións

- Falar de estados de ánimo
- Describir dores, molestias e síntomas
- Usos dos verbos *ser* e *estar* (II)
- O futuro
- Galiza encantada

- Unidade 5
 - Expresar o desexo de facer algo
 - Falar de experiencias e valoralas
 - O condicional
 - As lendas galegas

- Unidade 6
 - Falar de hábitos, costumes e circunstancias no pasado
 - Situar accións no pasado e no presente
 - Argumentar e debater
 - O copretérito

- Unidade 7
 - Relatar e relacionar acontecementos pasados
 - Falar da duración
 - Contraste entre o pretérito e o copretérito
 - Algúns marcadores temporais
 - O cinema galego

• MÉTODO

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións da docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

Este método concibiu as sesións como teórico-prácticas. Desta maneira, empregouse un enfoque comunicativo do ensino da lingua galega e, en consecuencia, o galego foi a lingua vehicular dende o primeiro momento. O obxectivo fundamental foi a mellora das competencias comunicativas a nivel oral e escrito do alumnado grazas a:

- unha escolla de contidos reais, adecuados e atractivos para a diversidade da aula,
- o traballo integrado das destrezas,
- a necesidade dunha implicación activa do alumnado nas actividades.

• SISTEMA DE AVALIACIÓN

O sistema de avaliación é o mesmo para todas as linguas que se imparten na Facultade de Ciências Humanas e Sociais, segundo un acordo do Departamento de Artes e Humanidades. Esta avaliación ten en conta as catro destrezas comunicativas, e atribúelle a cada unha o 25% do valor total da clasificación (calculada sobre 20). O cálculo da clasificación final é a media aritmética das clasificacións das catro competencias, sempre que o alumno obtivese unha nota mínima dun 9,5 en cada unha delas.

• BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, Rosario e Xosé Xove, *Gramática da lingua galega*, Vigo, Galaxia, 2002
- Chamorro, Margarita; Xaquín Núñez e Ivonete da Silva, *Aula de galego 1*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Presidencia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2008 [On-line:
http://www.xunta.es/linguagalega/materiais_celga_1]
- González, Begoña, *Ortografía da lingua galega*, A Coruña, Galinova, 2004
- López, Xoán, Cilha Lourenço e Marisa Moreda, *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*, A Coruña, Baía edicións, 2011
- Mata, Ana María e Emilio Núñez, *Curso de galego para non-galegofalantes*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela e Xunta de Galicia.
- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, Galaxia [On-line:
<http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/252/253/828-1>]

—Real Academia Galega, *Dicionario da Real Academia Galega*, A Coruña, Real Academia Galega, 2012 [On-line:
<http://www.realacademiagalega.org/dicionario>]

—Vázquez Cuesta, Pilar, *O que um falante de português deve saber acerca do galego*, Edições Colibri, Lisboa, 2002.

6.5. Língua Europeia I – Galego

• OBXECTIVOS

- Estabelecer unha actitude de apertura e de interese cara a novas linguas.
- Ser quen de asimilar as concomitancias e diverxencias entre o galego e o portugués.
- Acadar o nivel A1 do *Marco europeo común de referencia para as linguas* na produción e o nivel A2 na comprensión de textos orais e escritos.
- Valorar positivamente as novas experiencias, ideas e culturas adquirindo unha actitude de apertura.
- Exercitar a capacidade de análise, síntese e avaliación.
- Achegarse aos contidos da materia dende unha perspectiva crítica.
- Ser capaces de traballar tanto de forma individual como por parellas e en pequenos grupos para levar a cabo as actividades que se lles encomenden.

• CONTIDOS

- Unidade 1
 - Introducción á situación actual da lingua galega
 - O alfabeto galego
 - Dar e solicitar datos persoais
 - Presentarse, saudar, expresar intencións e intereses
 - Facer recomendacións
 - Os números do 0 ao 100

- O presente
- O artigo determinado
- Unidade 2
 - Estereotipos sobre a lingua galega e os galegos
 - Identificar e describir fisicamente as persoas
 - Expresar semellanzas e diferenzas entre as persoas
 - Preguntar sobre gustos e intereses
 - Contrastar gustos e preferencias
 - Falar de relacións persoais
 - Os posesivos
- Unidade 3
 - Manifestacións culturais na actualidade
 - Expresar existencia e localización
 - Realizar descrições e comparacións
 - O artigo indeterminado
 - Os cuantificadores
 - O superlativo relativo
- Unidade 4
 - Manifestacións culturais na actualidade a través dos textos
 - Falar de hábitos
 - Expresar a frecuencia das accións, a hora e a secuencia das actividades
 - Os días da semana, os meses e as estacións
 - As perífrases verbais
- Unidade 5
 - Tradicións galegas
 - Expresar necesidade
 - Captar a atención das persoas
 - Preguntar por produtos e prezos nunha tenda
 - Convidar e aceptar ou rexeitar un convite

- Dar escusas e xustificar
- Os números a partir do 100
- O imperativo
- A acentuación
- Unidade 6
 - Música galega
 - Falar de experiencias pasadas, destrezas e aptitudes
 - Enumerar calidades e defectos das persoas
 - O pretérito
 - Os adxectivos de carácter
 - Os indefinidos

• MÉTODO

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións da docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

Este método concibe as sesións como teórico-prácticas. Desta maneira, empregouse un enfoque comunicativo do ensino da lingua galega e, en consecuencia, o galego foi a lingua vehicular dende o primeiro momento. O obxectivo fundamental foi a mellora das competencias comunicativas a nivel oral e escrito do alumnado grazas a:

- unha escolla de contidos reais, adecuados e atractivos para a diversidade da aula,
- o traballo integrado das destrezas,
- a necesidade dunha implicación activa do alumnado nas actividades.

• SISTEMA DE AVALIACIÓN

O sistema de avaliación é o mesmo para todas as linguas que se imparten na Facultade de Ciéncias Humanas e Sociais, segundo un acordo do Departamento de

Artes e Humanidades. Esta avaliación ten en conta as catro destrezas comunicativas, e atribúelle a cada unha o 25% do valor total da clasificación (calculada sobre 20 puntos). O cálculo da clasificación final é a media aritmética das clasificacións das catro competencias, sempre que o alumno obtivese unha nota mínima dun 9,5 en cada unha delas.

Esta é unha disciplina presencial, polo que é requisito indispensábel para poder presentarse ás probas de *frequência* e *época normal* ter asistido ao 75% das horas lectivas (agás os casos dispostos na lei).

• BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, Rosario e Xosé Xove, *Gramática da lingua galega*, Vigo, Galaxia, 2002
- Chamorro, Margarita; Xaquín Núñez e Ivonete da Silva, *Aula de galego 1*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Presidencia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2008 [On-line:
http://www.xunta.es/linguagalega/materiais_celga_1]
- González, Begoña, *Ortografía da lingua galega*, A Coruña, Galinova, 2004
- López, Xoán, Cilha Lourenço e Marisa Moreda, *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*, A Coruña, Baía edicións, 2011
- Mata, Ana María e Emilio Núñez, *Curso de galego para non-galegofalantes*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela e Xunta de Galicia
- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, 2004 [On-line:
<http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/normasrag.pdf>]
- Real Academia Galega, *Dicionario da Real Academia Galega*, A Coruña, Real Academia Galega, 2012 [On-line:
<http://www.realacademiagalega.org/dicionario>]

—Vázquez, Pilar, *O que um falante de Português deve saber acerca do Galego*,
Edições Colibri, Lisboa, 2002

6.6. *Literatura Galega*

- **OBXECTIVOS**

- Realizar unha análise crítica dos textos literarios.
- Ser quen de relacionar os textos coa sociedade na que están inseridos.
- Exercitar a súa capacidade de traballo interdisciplinar.
- Exercitar a súa capacidade de análise, síntese e avaliación.
- Achegarse aos contidos da materia dende unha perspectiva crítica
- Ser capaces de traballar tanto de forma individual como por parellas e en pequenos grupos para levar a cabo as actividades que se lles encomenden.

- **CONTIDOS**

- Unidade 1, “A Idade Media”
 - Contexto histórico e sociocultural
 - A lírica galego-portuguesa: as cantigas de amor, amigo, escarnio e maldicir e de Santa María
- Unidade 2, “Os Séculos Escuros”
 - Contexto histórico e sociocultural
 - A situación lingüística
 - A produción literaria popular e culta
- Unidade 3, “O século XIX”
 - Contexto histórico e sociocultural
 - O provincialismo e o rexionalismo
 - O Precusores do Rexurdimento
 - O Rexurdimento: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez

- Unidade 4 “O século XX”
 - Contexto histórico e sociocultural
 - O nacionalismo
 - A situación lingüística
 - A produción editorial
 - A Época Nós
 - As vangardas

- Unidade 5 “A pegada da Guerra Civil española”
 - A literatura de posguerra
 - A Xeración do 36
 - A produción literaria no exilio
 - Tendencias temáticas no teatro

- Unidade 6 “A Xeración dos 50”
 - Individualidades na prosa
 - A Nova Narrativa Galega

- Unidade 7 “A poesía a partir de 1976”
 - Os novos xéneros e modalidades narrativas
 - O teatro galego da década de 70 á actualidade
 - A importancia dos premios literarios

● MÉTODO

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións do docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

O método empregado concibiu as sesións como teórico-prácticas e reservou un lugar central para a lectura, análise e comentario de textos literarios galegos correspondentes ás distintas épocas. Isto tivo como obxectivo que os alumnos

adquirisen as nocións teóricas propostas para unidade curricular a partir do achegamento a diferentes aspectos históricos, culturais e sociais.

- **SISTEMA DE AVALIACIÓN**

A avaliación da materia consistiu nunha proba *online*, que supuxo o 70%, e unhas tarefas individuais, que supuxeron o 30% da nota final, calculada sobre 20 puntos. Só foron considerados aprobados aqueles alumnos que obtiveron un valor igual ou superior a 9,5 puntos.

- **BIBLIOGRAFÍA**

- Bernárdez, Carlos L.; Insua, Emílio Xosé; Millán Otero, Xosé; Rei Romeu, Manuel; Tato Fontaíña, Laura, *Literatura galega. Século XX*, Vigo, A Nosa Terra, 2001
- Carballo Calero, Ricardo, *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1979
- Gómez, Anxo e Mercedes Queixa Zas, *Historia xeral da literatura galega*, Vigo, A Nosa Terra, 2001
- Gutiérrez Ramón, *Lecturas de nós. Introducción á literatura galega*, Vigo, Xerais, 2000
- Pena, Xosé Ramón, *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*, Santiago, Sotelo Blanco, 2002
- Vázquez Cuesta, Pilar (1980), “Literatura gallega”, en Díaz Borque, J. M. (coord.), *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, pp. 621-896, Madrid, Taurus ediciones, 1980
- Vilavedra, Dolores, *Historia da literatura galega*, Vigo, Galaxia, 1999

6.7. Cursos libres de lingua e cultura galegas

Dentro da oferta de idiomas do Centro de Línguas da UAlg, no curso 2021-2022 ofertáronse de novo os niveis A1 e A2 de lingua galega. O nivel A1 estaba previsto para o primeiro semestre e o A2 para o segundo, cunha duración de 50 horas cada un dos cursos. Porén, a falta de alumnos imposibilitou a súa apertura.

O Centro de Estudos Galegos candidatouse para participar na **Equipa UAlg**, unha iniciativa impulsada pola Universidade do Algarve co obxectivo de estreitar os lazos entre os ensinos básico e secundario e o superior e de proporcionarlle aos docentes e discentes da escola básica e secundaria un coñecemento máis profundo en áreas científicas diversas. O CEG participou nesta iniciativa propoñendo a palestra *Uma viagem pela diversidade cultural e lingüística da Península Ibérica*, mais a falta de demanda imposibilitou a realización.

7. Actividades de promoción e divulgación da lingua e a cultura galegas

Co gallo de aproveitar e facer máis rendíbeis os esforzos económicos que a Xunta de Galicia dedica á promoción da lingua e da literatura galegas no Algarve, dende o CEG procuramos que o investimento en actividades culturais se centrara en actos de importancia contrastada para a promoción da cultura galega.

Así, o CEG da Universidade do Algarve destinou a maior parte do primeiro orzamento á publicación dun novo volume da colección “Textos e estudos”: ***Apropiación cultural e contradiscurso histórico: a materia de Bretaña na literatura galega***, da autoría da profesora María Xesús Lama López (CEG da UB).

Esta actividade é, sen dúbida, a icona fundamental do noso Centro. Por un lado, porque promove a difusión da lingua e cultura galegas, tanto no ámbito peninsular como internacional; e polo outro, porque o proceso editorial esixido para realizar tal tarefa permite unha formación complementaria da docencia para a Lectora, dado que desempeña un labor científico dentro do proxecto. Alén diso, este que facer editorial implica a formación do traballo en equipo, supondo así unha plusvalía profesional e persoal para todos e cada un dos membros inseridos neste arduo proceso.

7.1. Actividades organizadas

Antes de pasar a expoñer as actividades levadas a cabo durante o curso 2021-2022, é preciso dicir que a situación de crise sanitaria mundial en que nos tocou traballar obrigounos a pospor algunhas das actividades históricas do CEG, como a celebración do magosto “Xuntanza con zonchos” ou o encontro poético en varias linguas “Abrindo Portas”. A intención do CEG é que sexa só unha interrupción temporal e retomalas en canto a situación sexa máis favorábel.

- No mes de febreiro, o CEG colaborou na organización das “**XVI Jornadas CIAC**” (Centro de Investigación en Artes e Comunicación da Universidade do Algarve), dedicadas á investigación baseada na práctica na área das artes e a comunicación. Tiveron lugar o 25 de febreiro e decorreron de maneira presencial na Universidade do Algarve e en *streamig* a través da canle de Youtube da UAlg (<https://www.youtube.com/user/universidadealgarve>) .

Alén de participar na organización do evento, durante as Xornadas o CEG participou:

- na homenaxe ao profesor Pere Ferré, fundador e primeiro director do CEG da UAlg,
- no panel dedicado ás coleccións do CIAC, onde a profesora María Jesús Botana Vilar presentou a *Colección Textos e Estudos*, editada polo CEG.
- O día 24 de marzo organizamos unha palestra (en liña) dentro do ciclo de conferencias **Folerpas literarias: Palabras tecidas en feminino**. Esta conferencia correu a cargo da profesora María Xesús Lama (CEG da UB).
 - “Rosalía de Castro e a idea do tempo. Progreso Vs. Eterno retorno” (María Xesús Lama).
- No día 28 de marzo organizamos unha palestra nas instalacións da FCHS titulada “Galiza, unha cultura singular na península ibérica”, co fin de dar a coñecer a lingua e a cultura galegas entre o alumnado que non frecuenta as cadeiras do CEG.

- O 31 de marzo organizamos a palestra (presencial) “Ferramentas dixitais para a investigación humanística e literaria”, a cargo da profesora Sara Bellido Sánchez (Universidad Complutense de Madrid).
- O 6 de abril celebramos a actividade ***Através da Língua***, resultado da cooperación entre os tres CEGs radicados en Portugal e a editorial galega Através. Esta colaboración permitiunos traer á UAlg o profesor, escritor e politólogo Carlos Taibo, quen nos presentou a súa obra *O feitizo das linguas*.
- No día 19 de abril organizamos, en colaboración coa SXPL e os CEGs da Universidade Nova de Lisboa e a Universidade do Minho, a presentación en Santiago de Compostela do volume ***Galiza e(m) nós*** (editado en conxunto entre os tres CEGs radicados en Portugal).
- No día 27 de abril organizamos a conferencia (presencial) “Os corpus lingüísticos do galego e as súas aplicacións didácticas”, a cargo do profesor Vitor Míguez Rego (lector do CEG da UPV/EHU).
- No día 29 de abril, o CEG organizou, na librería FNAC de Faro, a actividade ***A mesa redonda das linguas: a tradución da linguaxe inclusiva na lingua e nas artes***. Trátase dun foro de debate, que se vén desenvolvendo dende os inicios deste lectorado, en que especialistas da área das linguas e das artes da Facultade de Ciéncias Humanas e Sociais da UAlg conversan sobre cuestións relacionadas co futuro das linguas e os desafíos aos que estas se enfrontan nun mundo cada vez máis globalizado. Nesta ocasión, o tema sobre o que xiraron as conversas foi a linguaxe inclusiva e as súas posibilidades e (des)vantaxes.
- O CEG foi convidado a participar na organización do Día Aberto da UAlg, que decorreu nas instalacións da FCHS entre os días 2 e 3 de maio.
 - alén da colaboración na organización, a lectora participou tamén no Día Aberto da UAlg cunha presentación sobre Galiza.
- No día 6 de maio a lectora, Claudia Mariño Gómez, viaxou ao País Vasco, convidada polo Centro de Estudos Galegos da Universidade do País Vasco (UPV/EHU), para impartir a conferencia “A literatura galega á luz da teoría poscolonial”.

- Entre o 16 e o 20 de maio organizamos a **Semana das Letras Galegas na UAlg**, que nesta ocasión contou con distintas actividades:
 - Montaxe videográfica sobre a vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán (dispoñíbel na páxina web CIAC, <https://ciac.pt/dlg2022/>). Realizamos unha montaxe en vídeo na que recolleremos os principais fitos da vida e obra do homenaxeado, xunto con fragmentos da súa produción literaria.
 - No día 17 de maio organizamos a palestra (en liña) “Literatura galega e poscolonialidade: unha proposta de análise”, a cargo de Claudia Mariño Gómez (CEG da UAlg).
 - No día 20 de maio organizamos, na librería FNAC de Faro, o panel temático **Os rostros do exilio**, que contou con tres palestras que xiraron derredor da importancia que o exilio tivo para a obra de Florencio Delgado Gurriarán e para a cultura galega en xeral:
 - “*O labor dos intelectuais galegos no exilio*” (Claudia Mariño).
 - “*Buñuel no exilio*” (Miriam Tavares, directora do CIAC).
 - “*A expresión artística dos galegos no exilio*” (María J. Botana Vilar).
 - Realizamos unha exposición nas instalacións da FCHS cos cartes enviados pola SXPL para conmemorar o Día das Letras Galegas e ao homenaxeado, Florencio Delgado Gurriarán.
- No día 27 de maio organizamos a palestra (presencial) "A situación sociolingüística do galego: modelos e usos", a cargo do profesor Antón García Rodríguez (lector do CEG da Universidade Nova de Lisboa).
- No día 31 de maio organizamos a palestra (en liña) “Unha lectura mitocrítica da obra de Méndez Ferrín”, a cargo de María Carreira López (BRI - Barcelona, Recerca de l'imaginari).
- O día 13 de xullo a lectora, Claudia Mariño Gómez, participou na cerimonia de entrega do “Prémio ensino aprendizagem”, concedido pola Universidade do

Algarve, onde foi honrada co “Prémio professor do ano distinguido pelos estudantes”.

- Entre os días 21 e 24 de setembro, a directora do CEG, María Jesús Botana Vilar, e a lectora, Claudia Mariño Gómez, viaxamos a Varsovia para participar no XIII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos «Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións nos estudos galegos».

Alén de asistir ao Congreso, o Centro de Estudos Galegos da UAlg estivo presente en distintos paneis:

- comunicación "A imaxe da Galiza e dos galegos entre os alunos de estudos galegos en Portugal", realizada en conxunto cos compañeiros do Centro de Estudos Galegos da Universidade Nova de Lisboa e do Centro de Estudos Galegos da Universidade do Minho.
 - presentación da *Colección Textos e Estudos*, dirixida polos profesores Pedro Ferré de Ponte e María Jesús Botana Vilar e editada polo CEG da UAlg.
 - presentación do volume "Galiza e(m) nós", editado en conxunto entre os tres CEGs radicados en universidades portuguesas.
- No día 25 de novembro organizamos, en colaboración co Centro de Estudos Galegos da Universidade de Varsovia, a palestra (en liña) “A figura da bruxa na literatura: unha vía para analizar os roles de xénero nas aulas”, a cargo de Lucía Salceda García (actual lectora do CEG).

7.2. Carteis para a promoção das actividades

- XVI Jornadas CIAC



- **Foleras literarias: Palabras tecidas en feminino:** “Rosalía de Castro e a idea do tempo. Progreso Vs. Eterno retorno”, de María Xesús Lama (Universidade de Barcelona)

ACTIVIDADE CEG DA UALG



ROSALÍA DE CASTRO E A IDEA DO TEMPO

PROGRESO VS. ETERNO RETORNO

VENRES 25 MARZO / 15H00 (GMT/LISBOA) / 16H00 (GMT/MADRID)
ENTRADA DE BALDE SEN INSCRICIÓN

PALESTRANTE
MARÍA XESÚS LAMA LÓPEZ

Ligazón: <https://bit.ly/34zwXyJ>

Apoios

Organización e promoción

 XUNTA DE GALICIA
  Xacobeo 21-22
  galicia
  CICG
  UALG



- “Ferramentas dixitais para a investigación humanística e literaria”,
Sara Bellido Sánchez (Universidad Complutense de Madrid)



Apoios



Organización e promoción



- **Através da Língua**

- Actividade organizada en colaboración coa editorial galega Através e cos Centros de Estudos Galegos da Universidade Nova de Lisboa e a Universidade do Minho

The poster is for an event titled "Através da Língua" (Through the Language). It features a dark purple background. At the top left is the logo for "ATRÁVES editora" in a yellow circle. To the right, in yellow and red text, it says "Centro de Estudos Galegos Lisboa - Faro - Braga" and "4 - 6 - 8 de abril". The main title "Através da Língua" is in large white letters, followed by "à conversa com:" in yellow. Below this is a circular black and white photo of Carlos Taibo, a man with glasses gesturing while speaking. To the right of the photo, in white and yellow text, it says "CEG FARO", "Sala de seminários da Reitoria", and "6 de abril - 15h". Below the photo, the name "Carlos Taibo" is written in white. At the bottom of the poster is a decorative graphic consisting of several overlapping semi-circles and circles in red, yellow, and white. The footer contains five logos: "CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS" (Universidade Nova de Lisboa), "Universidade do Minho" (Instituto de Letras e Ciências Humanas), "UAlg FCHS" (Universidade do Algarve, Faculdade de Ciências Humanas e Sociais), a "100" anniversary logo for "centésima página", and "XUVENTUDE DE GALICIA CENTRO GALEGO DE LISBOA".

ATRÁVES
editora

Centro de Estudos Galegos
Lisboa - Faro - Braga
4 - 6 - 8 de abril

Através da Língua
à conversa com:



CEG FARO
Sala de seminários da Reitoria
6 de abril - 15h

Carlos Taibo

CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS

Universidade do Minho
Instituto de Letras e Ciências Humanas
Centro de Estudos Galegos

UAlg FCHS
UNIVERSIDADE DO ALGARVE
FACULDADE DE CIÊNCIAS HUMANAS E SOCIAIS

100
centésima página

XUVENTUDE DE GALICIA
CENTRO GALEGO DE LISBOA

- Presentación, na SXPL, do volume ***Galiza e(m) nós***
 - Actividade organizada en colaboracións cos Centros de Estudos Galegos da Universidade do Minho e da Universidade Nova de Lisboa

Martes 19 de abril
11:00 PT/12:00 ES
 Pazo de San Roque – Rúa San Roque nº2
 Santiago de Compostela

Os Centros de Estudos Galegos da **Universidade do Minho**,
Universidade Nova de Lisboa e **Universidade do Algarve**
 presentan o libro

GALIZA E(M) NÓS

**Estudos para a compreensão do relacionamento
 cultural galego-português**


Editado por
Carlos Pazos-Justo,
María Jesús Botana Vilar e
Gabriel André

**Entrada de balde sen inscrición e
 streaming**
 Ligazón: <https://bit.ly/37bB45v>



Apoios

Organización e promoción











- “Os corpus lingüísticos do galego e as súas aplicacións didácticas”,
Vitor Míguez Rego (lector do CEG da UPV/EHU)



Apoios



Organización e promoción



- ***A mesa redonda das linguas: a tradución da linguaxe inclusiva na lingua e nas artes***

Venres 29 de abril ás 18:30

Librería FNAC (Faro)

A MESA REDONDA DAS LINGUAS

A representación da linguaxe inclusiva na lingua e nas artes

Moderador:

Manuel Célio Conceição

Poñentes:

Ana Clara Santos

Ana Soares

Miriam Tavares

Neuza Costa

Olivia Novoa


Claudia Mariño

Apoios



Organización e promoción

- “Literatura galega e poscolonialidade: unha proposta de análise”,
Claudia Mariño Gómez (CEG da UAlg)



Entrada de balde sen inscrición e streaming
Ligazón: <https://bit.ly/3l1Gp2A>

Apoios



Organización e promoción



- ***Os rostros do exilio***

Venres 20 de maio ás 18:30
Librería FNAC (Faro)



Apoios




Xacobeo 21-22



Organización e promoción



- "A situación sociolingüística do galego: modelos e usos", Antón García Rodríguez (CEG da UNL)



Apoios



Organización e promoción



- Unha lectura mitocrítica da obra de Méndez Ferrín", María Carreira López (BRI - Barcelona, Recerca de l'imaginari)



Apoios



Organización e promoción




- “A figura da bruxa na literatura: unha vía para analizar os roles de xénero nas aulas”, Lucía Salceda García (actual lectora do CEG da UAlg).
 - actividade organizada en colaboración co CEG da Universidade de Varsovia.

Venres 25 de novembro de 2022
 Conferencia online
 16:00 PT/17:00 ES
 Centro de Estudos Galegos do Algarve



A figura da bruxa na literatura: unha vía para analizar os roles de xénero nas aulas

**Palestrante: Lucía Salceda García
 (Universidade do Algarve)**



Entrada de balde
 Confirme certificado de asistencia
 previa inscrición en bit.ly/3X7pJbF

Apoios

Organización e promoción



8. Difusión das actividades

As actividades culturais organizadas dende o CEG da UAlg, ademais de complementar a docencia das cadeiras de galego, tratan de difundir e promover a lingua e a cultura galegas no Algarve e captar novo alumnado, polo que o plan de actividades está aberto a todo o público.

Coa intención de chegar ao maior número de persoas interesadas, o CEG emprega distintas canles para dar visibilidade ás súas actividades. Para cada evento elabórase un cartel informativo que é distribuído fisicamente pola FCHS e difundido na rede, a través das páxina de Facebook do Departamento de Artes e Humanidades (que conta cun gran número de alumnos entre os seus “amigos”), da páxina *web* do Centro de Investigación em Artes e Comunicação (CIAC), da páxina *web* FCHS e da páxina da propia Universidade. Aliás, dende o curso 2019-2020, o CEG conta cunha páxina de Facebook propia. Os carteis son tamén enviados a SXPL para a súa difusión.

Aliás, neste momento o CEG está a traballar na creación da súa propia páxina *web*, que será aloxada no servidor da páxina da FCHS. Achamos isto moi importante, pois permitirá dar maior difusión as actividades organizadas e ofrecer información sobre o Centro ás persoas interesadas.

Á hora de levar a cabo as actividades, o CEG tenta cooperar con outros departamentos e centros da UAlg, ben sexa na forma de colaboracións puntuais para a organización de eventos ou na difusión e promoción das actividades. Algúns colaboradores frecuentes son a Biblioteca da UAlg e o Centro de Investigación em Artes e Comunicação (CIAC). Cando as actividades o permiten, procúrase tamén a colaboración con librerías locais (por exemplo, a FNAC) coa finalidade de chegar a toda a comunidade algarvía.

9. Actualización dos fondos bibliográficos

Durante este curso non foi posíbel actualizar os fondos bibliográficos.

10. Publicacións

Durante grande parte do curso 2021-2022, o CEG traballou na publicación dun novo volume da Colección *Textos e Estudos*: ***Apropiación cultural e contradiscurso histórico: a materia de Bretaña na literatura galega***. A obra é da autoría da profesora María Xesús Lama López (CEG da UB) e ten como editores os membros do noso centro.

11. Valoración xeral dos cursos do lectorado

Cada ano a UAlg realiza ao alumnado unha enquisa para coñecer o seu grao de satisfacción coa docencia recibida. Os resultados acadados polas materias relacionadas co CEG (*Língua e Cultura Galega I*, *Cultura Galega*, *Língua e Cultura Galega II* e *Literatura Galega*) foron moi positivos e á lectora. Ademais, o número de matriculacións aumentou considerabelmente nalgúns disciplinas, o que nos permite pensar que teñen aceptación entre o alumnado.

Aliás, o feito de que nos ofrecen dar novamente a disciplina de *Língua Europeia I – Galego* (primeiro e segundo semestre) e impartir a disciplina de *Língua Europeia II – Galego* no próximo curso 2021-22 lévanos a pensar que as cadeiras de galego contan tamén co respecto e interese dos directores dos distintos cursos que se imparten na Facultade de Ciências Humanas e sociais.

Alén diso, nas catro materias as cualificacións obtidas polos alumnos foron elevadas e as taxas de suspensos moi baixas (nulas no caso de *Língua e Cultura Galega I*, *Língua e Cultura Galega II* e *Literatura Galega*). Cremos entón que o alumnado conseguiu asimilar as explicacións e tirar proveito delas.

12. Propostas de mellora dirixidas á Secretaría Xeral de Política Lingüística

Dende o CEG da UAlg estamos moi satisfeitos co funcionamento do noso Centro. Porén, hai un par de suxestións que pensamos que poderían ser de proveito para todos. Achamos que resultaría moi positivo estreitar lazos con outros lectorados (alén da relación que xa mantemos cos CEGs da Universidade do Minho e da Universidade Nova de Lisboa) e levar a cabo proxectos en común. Pola nosa banda, estamos facendo o posíbel por colaborar con centros veciños, organizando actividades en común con outros CEGs de Portugal e España, mais agradeceríamos moito se a Secretaría favorecese ese achegamento.

Ademais, sendo un lectorado que se sitúa dentro das fronteiras doutro Estado, a dispoñibilidade de material sobre a lingua e a cultura galegas resulta adoito de difícil acceso. Por iso, gustaríanos contar con máis apoios da Secretaría á hora de conseguir material, tanto bibliográfico como videográfico. Neste sentido, cabe subliñar que no noso caso concreto somos un centro situado na *periferia* lusa, o cal torna moito máis complicado –e custoso– facermos calquera tipo de actividade con persoas vindas do estranxeiro, así como comprarmos anualmente bibliografía (a nosa partida orzamentaria está comprometida coa publicación).

Así mesmo, agradeceríamos que fose posíbel crear unha conta dende a mesma SXPL para podermos acceder de maneira máis sinxela á plataforma *GaliciaLe* (*Rede de bibliotecas públicas de Galicia*, <https://www.galiciale.gal>), posto que se torna moi difícil, e ás veces imposíbel, o acceso para aqueles que impartimos aulas fóra do país (por exemplo, para visualizar filmes).

Finalmente, como lectora agradecería a organización por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística de seminarios ou cursos de formación pedagóxica (especialmente no eido do ensino de lingua estranxeira), pois acho que poderían ser de moito proveito para os lectores, non só para aumentar a nosa formación e poder desenvolver mellor o noso traballo, senón tamén para que exista un espazo de reunión no que poidamos coñecernos e compartir as nosas experiencias, dúbidas, solucións a problemas atopados...

